



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 67 /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “AMPLIACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA A PROTECCIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA”

Na Coruña, a 27 de setembro de 2024, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña e,
Doutra parte, Dona María Beatriz Martín Catoira, Presidenta da Asociación Protectora de Animais Gatocan.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a Asociación Protectora de Animais Gatocan é unha asociación constituída en abril de 2006 e declarada Asociación de Utilidade Pública e Interese Social no ano 2010, para fomentar o bo trato aos animais, protexer, asistir e coidar a aqueles que se atopan en situación de abandono, en especial no que se refire aos animais de compañía e desempeñar actividades tendentes a súa protección e adopción.

Que a Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais constitúe o marco xeral de regulación sobre o noso comportamento cara a eles como seres vivos dentro do noso entorno de convivencia e cuxo obxectivo é implementar mecanismos legais co fin de fomentar a protección animal e previr o alto grado de abandono de animais no noso país,

establecendo un marco común en todo o territorio español, implicando aos poderes públicos e á cidadanía no respecto a todos os animais.

Pola súa parte, as administracións locais, no marco do previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, constitúen un elemento fundamental para facer efectivas as disposicións previstas nesta lei, pois non solo constitúen o primeiro contacto entre a cidadanía e a Administración senón que afrontan a problemática que, directa e indirectamente, conleva o abandono animal, no marco do exercicio das competencias en materia de medioambiente e protección da salubridade pública.

Que a responsabilidade da xestión, coidado e salvagarda de animais en situación de abandono pertence ás Administracións Públicas e son as entidades de protección animal as que suplen en moitas ocasións dita xestión, asumindo os custos e o mantemento dos animais. Neste senso, non debe esquecerse a recente reforma do código civil, no cal, agora, a relación da persoa e o animal (sexa este de compañía, doméstico, silvestre ou salvaxe) ha de ser modulada pola calidade de ser dotado de sensibilidade, de modo que os dereitos e facultades sobre os animais han de ser exercitados atendendo ao benestar e a protección do animal, evitando os malos tratos, o abandono e a provocación dunha morte cruel ou innecesaria.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias a protección do medio ambiente, recoñece a importancia do labor que a Asociación Protectora de Animais Gatocan desenvolve, sobre todo no que se refire aos coidados e xestión de animais en situación de desamparo con implicacións na sanidade pública e no medio ambiente así como na labor educativa e de sensibilización cara a cidadanía.

Que sendo de interese para ambas as dúas partes establecer as bases dunha colaboración co fin último de procurar mecanismos, ao obxecto de conxugar os intereses provinciais de protección da salubridade pública e a mellora do medio natural, co relativo a garantir a protección e a defensa dos animais de compañía que se encontren en situación de desamparo,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Protectora de Animais Gatocan (a entidade beneficiaria, en adiante) para o cofinanciamento da ampliación de instalacións da Protectora de Animais Gatocan para a protección de animais domésticos da provincia da Coruña (1ª fase), tal como aparece definida a mesma no proxecto técnico redactado polo arquitecto Don Emilio Cortés Varela, Colexiado N.º 780

A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva Licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total de execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desglósase co seguinte detalle:

OBRA	
AMPLIACIÓN DE INSTALACIÓNS DA PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN (1ª Fase)	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	174.279,97 €
GASTOS XERAIS	22.656,40 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	10.456,80 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	43.552,57 €
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	250.945,74 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do proxecto, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **65.000,00 €**, que equivale ao 25,902% de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (25,902%) da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da obra, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e , xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección de obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0520/17221/781, do orzamento xeral para o 2024, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contratos de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Se o importe das obras supera 40.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto será redactado en galego.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

- a. Copia do contrato e do expediente de contratación.
- b. Certificación de obra subscripta polo Técnico-director e polo contratista.
- c. Factura expedida polo contratista.
- d. Certificación de aprobación da mesma polo órgano competente.

e. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

f. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Coa derradeira certificación de obra, deberase aportar:

a. Acta de recepción

b. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula quinta

c. Declaración da adscrición dos bens adquiridos á finalidade para a cal se outorgou a subvención durante un período mínimo de cinco anos.

d. Reportaxe fotográfico das obras realizadas.

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 01.06.2024 e o 30.11.2024

2. Unha vez rematadas as obras, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que

se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3. Para os supostos de retraso na adquisición ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 01 de xuño de 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xullo do 2025.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter realizada a obra e presentada a xustificación antes do día 31 de xullo de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación

poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado no asunto número 30 por acordo do Pleno Corporativo de data 13 de setembro de 2024.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN
PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN**

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. María Beatriz Martín Catoira

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Amparo Taboada Gil